

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0854	Deseño funcional de próteses	2022/2023	0	133	0
MP0854_23	Deseño de próteses, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, e deseño asistido por computador	2022/2023	0	35	0
MP0854_13	Anatomía do aparello estomatognático e oclusión	2022/2023	0	50	0
MP0854_33	Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión	2022/2023	0	48	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DE LOS ÁNGELES PIÑA PUÑAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0854_33) RA1 - Obtén o modelo mediante a positivaxe da impresión, e describe as técnicas de elaboración.
(MP0854_13) RA1 - Recoñece a estrutura do aparello estomatognático, e describe as características dos seus compoñentes e o seu funcionamento.
(MP0854_23) RA1 - Formula o traballo de acordo coas características do produto, relacionando a prescrición facultativa co proceso de elaboración.
(MP0854_13) RA2 - Supervisa a oclusión, para o que se analizan os modelos montados no articulador.
(MP0854_33) RA2 - Elabora cubetas individuais, pranchas base e rodets de articulación, para o que selecciona materiais e técnicas.
(MP0854_23) RA2 - Manexa ferramentas informáticas para o deseño de próteses dentais, aplicando tecnoloxías de deseño asistido por computador.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0854_23) CA1.1 Describiuse a normativa legal que deben cumprir as próteses dentais, os aparellos de ortodoncia e as férulas oclusais.
(MP0854_33) CA1.1 Describiuse o comportamento dos materiais empregados na confección de impresións e modelos.
(MP0854_13) CA1.1 Definíronse as principais estruturas óseas e articulares do cranio e da cara.
(MP0854_23) CA1.2 Identificáronse os datos salientables que deben aparecer na prescrición facultativa.
(MP0854_33) CA1.2 Definiuse o procedemento que garanta a estabilidade dimensional da impresión.
(MP0854_13) CA1.2 Relacionáronse os músculos do cranio e da cara coa oclusión.
(MP0854_23) CA1.3 Rexistráronse os datos de identificación da prótese dental e de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
(MP0854_13) CA1.3 Detallouse a dinámica da articulación témporo-mandibular (ATM).
(MP0854_13) CA1.4 Especificáronse as estruturas morfolóxicas da cavidade oral.
(MP0854_33) CA1.4 Seleccionáronse e utilizáronse os aparellos que se empregan no proceso.
(MP0854_23) CA1.5 Seleccionáronse os materiais que se vaian utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.
(MP0854_33) CA1.5 Identificáronse lugares de emprazamento e medidas de seguridade e de mantemento do aparellos.
(MP0854_13) CA1.5 Describiuse a cronoloxía da erupción dental.
(MP0854_23) CA1.6 Seleccionáronse os elementos do produto que cumpren os criterios de funcionalidade estética, calidade e custo.
(MP0854_13) CA1.6 Identificouse a morfoloxía dos dentes e dos tecidos de soporte.
(MP0854_23) CA1.7 Determinouse a elaboración da prótese dentofacial, o aparello de ortodoncia ou a férula oclusal segundo os procedementos normalizados de traballo establecidos.
(MP0854_23) CA1.8 Enumeráronse vantaxes e inconvenientes das posibles alternativas.



Criterios de avaliación do currículo
(MP0854_33) CA1.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos.
(MP0854_13) CA1.8 Descríbíronse as características da dentición temporal, mixta e permanente.
(MP0854_13) CA1.9 Codificáronse os dentes segundo diversos sistemas de nomenclatura.
(MP0854_33) CA1.9 Aplícase a lexislación en tratamento de residuos e protección ambiental.
(MP0854_23) CA2.1 Descríbíronse as características das aplicacións do deseño asistido por computador.
(MP0854_33) CA2.1 Descríbíronse materiais e técnicas de elaboración de cubetas.
(MP0854_13) CA2.1 Descríbiuse o manexo do articulador.
(MP0854_23) CA2.2 Defíníronse os equipamentos e os medios necesarios para o deseño de próteses ou orteses dentais e aparellos de ortodoncia.
(MP0854_33) CA2.2 Identifícanse os trazos anatómicos do modelo.
(MP0854_13) CA2.2 Selecciónase o articulador segundo o tipo de prótese.
(MP0854_23) CA2.5 Descríbíronse os comandos e procedementos de debuxo en dúas e tres dimensións.
(MP0854_33) CA2.5 Descríbíronse materiais e técnicas de elaboración de pranchas base.
(MP0854_13) CA2.5 Descríbíronse os movementos mandibulares en distintos planos e as relacións dos dentes en oclusión céntrica.
(MP0854_23) CA2.6 Analízanse as vantaxes e os inconvenientes das técnicas de deseño asistido por computador.
(MP0854_13) CA2.6 Establecéronse os determinantes da oclusión e as actividades funcionais que impliquen contacto dentario.
(MP0854_13) CA2.7 Descríbiuse a funcionalidade dunha oclusión funcional óptima.
(MP0854_13) CA2.8 Identifícanse os requisitos oclusais nas restauracións de traballo.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0854_33) RA1 - Obtén o modelo mediante a positivaxe da impresión, e describe as técnicas de elaboración.
(MP0854_13) RA1 - Recoñece a estrutura do aparello estomatognático, e describe as características dos seus compoñentes e o seu funcionamento.
(MP0854_23) RA1 - Formula o traballo de acordo coas características do produto, relacionando a prescrición facultativa co proceso de elaboración.
(MP0854_13) RA2 - Supervisa a oclusión, para o que se analizan os modelos montados no articulador.
(MP0854_33) RA2 - Elabora cubetas individuais, pranchas base e rodets de articulación, para o que selecciona materiais e técnicas.
(MP0854_23) RA2 - Manexa ferramentas informáticas para o deseño de próteses dentais, aplicando tecnoloxías de deseño asistido por computador.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado



Criterios de avaliación do currículo
(MP0854_23) CA1.2 Identifícanse os datos salientables que deben aparecer na prescrición facultativa.
(MP0854_23) CA1.3 Rexistráronse os datos de identificación da prótese dental e de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
(MP0854_33) CA1.3 Mesturáronse os compoñentes en proporcións e tempos segundo especificación de fábrica.
(MP0854_23) CA1.4 Determinouse a cor e a morfoloxía dental individual.
(MP0854_33) CA1.4 Seleccionáronse e utilizáronse os aparellos que se empregan no proceso.
(MP0854_23) CA1.5 Seleccionáronse os materiais que se vaian utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.
(MP0854_33) CA1.5 Identifícanse lugares de emprazamento e medidas de seguridade e de mantemento do aparellos.
(MP0854_23) CA1.6 Seleccionáronse os elementos do produto que cumpren os criterios de funcionalidade estética, calidade e custo.
(MP0854_33) CA1.6 Seguiuse o procedemento para a obtención do modelo.
(MP0854_23) CA1.7 Determinouse a elaboración da prótese dentofacial, o aparello de ortodoncia ou a férula oclusal segundo os procedementos normalizados de traballo establecidos.
(MP0854_33) CA1.7 Comprobouse que o modelo obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
(MP0854_13) CA1.7 Modeláronse os dentes co material seleccionado, reproducindo a súa morfoloxía
(MP0854_33) CA1.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos.
(MP0854_13) CA1.9 Codificáronse os dentes segundo diversos sistemas de nomenclatura.
(MP0854_33) CA1.9 Aplicouse a lexislación en tratamento de residuos e protección ambiental.
(MP0854_13) CA2.2 Seleccionouse o articulador segundo o tipo de prótese.
(MP0854_23) CA2.3 Manexáronse aplicacións informáticas para dixitalizar a impresión e/ou o modelo.
(MP0854_33) CA2.3 Realizouse o deseño establecendo os límites dos bordos.
(MP0854_13) CA2.3 Comprobouse a idoneidade dos movementos do modelo montado no articulador.
(MP0854_23) CA2.4 Creouse unha base de datos coa dixitalización da impresión e/ou do modelo.
(MP0854_33) CA2.4 Realizouse a cubeta individual co material seleccionado, establecendo os límites deseñados.
(MP0854_13) CA2.4 Programouse o articulador segundo os valores individuais.
(MP0854_13) CA2.5 Describíronse os movementos mandibulares en distintos planos e as relacións dos dentes en oclusión céntrica.
(MP0854_13) CA2.6 Establecéronse os determinantes da oclusión e as actividades funcionais que impliquen contacto dentario.
(MP0854_33) CA2.6 Comprobouse a estabilidade e os axustes das pranchas base sobre o modelo.
(MP0854_23) CA2.7 Valorouse a importancia da incorporación de novas tecnoloxías no deseño e fabricación de próteses dentais e aparellos de ortodoncia.
(MP0854_33) CA2.7 Confeccionáronse roletes de oclusión en edéntulos parciais e totais.



Criterios de avaliación do currículo

(MP0854_23) CA2.8 Realizáronse e arquiváronse copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.

(MP0854_33) CA2.8 Seguíronse os protocolos establecidos para a elaboración de cubetas, pranchas base e rexistros de oclusión.

(MP0854_13) CA2.9 Comprobase que a oclusión é óptima nos aparellos obtidos a partir da avaliación efectuada.

(MP0854_33) CA2.9 Conseguíronse os acabamentos necesarios para non danar tecidos brandos.

(MP0854_13) CA2.10 Valorouse a orde e a limpeza en todas as fases do proceso.

(MP0854_33) CA2.10 Valorouse a organización e a xestión na realización das tarefas do proceso produtivo.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles: Considéranse mínimos exixibles os CAs especificados no apartado 2.1.2 e 2.2.2 da programación, agás os CA 2.3 CA 2.4 e CA 2.8 da unidade formativa 1: Deseño de próteses, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, e deseño asistido por computador.. Os mínimos exixibles son os que veñen no Decreto 217/2012, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais.

Criterios de cualificación:

*Proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita dos coñecementos teóricos que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o/a alumno/a deberá acadar una puntuación mínima de 5, unha vez realizados os descontos (cumprindo a orde do 5 abril do 2013).. O alumnado que non supere a primeira proba, quedará directamente eliminado do proceso.

*Proba práctica: Realización de supostos prácticos, relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. A proba estrúcturase en catro bloques con distinto peso específico:

BLOQUE I: NORMAS INTERNAS, de obrigado cumprimento.

BLOQUE II: PREPARACIÓN DA ZONA DE TRABALLO, que supón un 25% da cualificación.

BLOQUE III: CONTROL DE MATERIAS PRIMAS, que supón un 15% da cualificación.

BLOQUE IV: ELABORACIÓN do caso, que supón un 60 % da cualificación.

- O candidato cumprirá as normas internas para traballar no laboratorio de próteses dentais, no caso de incumplir as normas internas, o candidato non terá

posibilidade de continuar coa proba práctica.

- A completa e correcta realización do suposto práctico supón un total de 10 puntos.

- Superarase esta segunda proba ,cumprindo a orde do 5 abril do 2013,se o/a candidato obtén unha nota de 5. .Ademais o candidato ten que alcanzar o 50 % en

cada un dos ítems para obter o aprobado nesta segunda proba.

A cualificación final correspondente a proba do módulo profesional, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, no caso de resultar decimais.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

No caso do alumnado que suspenda a segunda parte da proba, a puntuación máxima que se lle poderá asignar será de 4.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará ao alumnado excluído desta parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta proba consta de exercicios/preguntas curtas e/o un cuestionario tipo test, onde cada pregunta ten só unha resposta correcta. O valor, descontos e condicións aplicados a cada unha das partes da proba serán informados aos candidatos e candidatas o día de realización da mesma.

A cualificación será de 0 a 10 puntos, para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos unha vez aplicados os descontos (cumprindo a orde do 5 abril do 2013)

A duración da proba teórica presencial será de 2 h.

Material e normas para a realización da proba:

Empregarase bolígrafo indeleble de cor azul ou negra. Non se pode usar corrector. Para calquera rectificación que o alumnado desexe facer, riscará a resposta que queira corrixir, coa tinta do mesmo bolígrafo que empregue para contestar a proba. O/a alumno/a deberá de levar calculadora.

Non se permitirá o uso de móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico que poida interferir co funcionamento das probas incluídos reloxios. Será necesario manter tamén os pabellons auditivos visibles e a zona da cabeza e pescozo descubertas.

O/a participante identificarase mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa. Non se permite a presenza enriba da mesa de estoxos e outros materiais non necesarios para a realización da proba.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

O/a profesor/a poderá excluír da proba aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade.

4.b) Segunda parte da proba

Trátase dun suposto práctico a desenvolver no laboratorio de próteses dentais: proba obxectiva e /ou proba procedimental ou técnica. Onde deberán demostrar as súas habilidades e capacidades terminais na elaboración dos produtos finais propostos.



Superarase esta segunda proba, cumprindo a orde do 5 abril do 2013, se o/a candidato obtén unha nota de 5. Ademais o candidato ten que alcanzar o 50 % en cada un dos ítems para obter o aprobado nesta segunda proba.

Instrumentos necesarios: Bata de laboratorio, calculadora, ferramentas básicas: lecrón, alicates... bolígrafo azul ou negro. Presentarán o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado.

O tempo máximo para realización desta proba será de 2 horas.

Non se permitirá o uso de móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico que poida interferir co funcionamento das probas incluídos reloxos. Será necesario manter tamén os pabellóns auditivos visibles e a zona da cabeza e pescozo descubertas.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

A profesora poderán excluír da proba aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade.